



ACTA

| | |
|-------------------------|--------------------------|
| Expediente núm.: | Órgano Colexiado: |
| XGL/2018/45 | A Xunta de Goberno Local |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|------------------------------------|-----------------------------------|
| Tipo Convocatoria | Ordinaria |
| Data | 15 de outubro de 2018 |
| Duración | Desde as 20:00 ata as 20:25 horas |
| Lugar | SALA DE SESIÓNS |
| Presidida por | MERCEDES GIRALDEZ SANTOS |
| Secretario | ELEUTERIO PENA LAMAS |

| ASISTENCIA Á SESIÓN | | |
|---------------------|-----------------------------|--------|
| DNI | Nome e Apelidos | Asiste |
| 77010633D | ANDRES GARCIA BASTON | NON |
| 73240505H | HÉITOR MERA HERBELLO | SÍ |
| 78734984G | JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO | SÍ |
| 76807564F | LOURDES RIAL PARDO | NON |
| 78730184B | MARIANO ABALO COSTA | SÍ |
| 76811297Z | MERCEDES GIRALDEZ SANTOS | SÍ |
| 53113479Q | TANIA CASTRO PAREDES | SÍ |
| 78739263M | TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ | SÍ |
| 76328194A | XOSE MANUEL PAZOS VARELA | NON |
| 34907283E | XOÁN CHILLÓN IGLESIAS | SÍ |
| 78736615W | ÁNGELA VIZOSO MARCOS | NON |



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 8 de outubro de 2018

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o 8 de outubro de 2018.

Expediente 4295/2018. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dase conta de informe emitido en data 08,10,2018 pola Policía Local, que é como segue:

“Vista a solicitud presentada por F.A.B., na que solicita a baixa de sinal de pasaxe permanente en rúa Enseñanza, nº 16. Tendo en conta o manifestado polo solicitante, por parte da Policía non existe inconveniente en conceder o solicitado.

Que o sinal de pasaxe permanente non se corresponde na actualidade cun garaxe de entrada e saída de vehículos e non existe ademais un rebaixe accesible para o tráfico rodado, se non unha escaleiras que dan a unha especie de almacén ou similar (ver reportaxe fotográfica).

A rúa Enseñanza á altura do nº 16, se trata dunha vía de sentido único descendente de aglomerado asfáltico, sinalizada horizontalmente e que carece de beirarrúas”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, de conformidade co informe favorable emitido pola Policía Local, acuerda aprobar a solicitud de baixa da sinal de pasaxe permanente solicitada.

Expediente 4088/2018. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

O presente asunto retírase da orde do día pendente de mellor estudo.

Expediente 3528/2018. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



O presente asunto retírase da orde do día pendente de mellor estudo.

Expediente 4570/2018. Licenza urbanística

Desfavorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4570/2018.- Denegar a licenza solicitada por “TELEFONICA DE ESPAÑA SAU”, con domicilio a efectos de notificacións en rúa Urzáiz, n.º X-Vigo, titular do NIF X, para a instalación de dous postes de madeira nas inmediacións do Camiño Vello de San Roque, á altura do nº 116, de conformidade co documento técnico incorporado ao expediente elaborado polo enxeñeiro técnico J.A.A. de data 2 de xullo de 2018, visto o informe técnico desfavorable de data 02.10.2018 obrante no expediente.

Expediente 4571/2018. Licenza urbanística

Desfavorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4571/2018.- Denegar a licenza de obras solicitada por “TELEFONICA DE ESPAÑA SAU”, con domicilio a efectos de notificacións en rúa Urzáiz, n.º X-Vigo, titular do CIF X, para a instalación de dous postes de madeira en Rodeira-A Garita, de conformidade co documento técnico incorporado ao expediente elaborado polo enxeñeiro técnico J.A.A. de data 5 de xuño de 2018, visto o informe desfavorable do arquitecto municipal de data 02.10.2018 obrante no expediente.

Expediente 4095/2018. Prórroga de licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4095/2018.- EXPEDIENTE Nº X- LICENZA MUNICIPAL Nº X.- Outorgar a M.L.C.R., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Arrecife, nº X-Salgueiron-Darbo, titular do DNI nºX-V, prórroga da licenza nº X, por un período de trinta e seis meses de conformidade co previsto no artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia.

Expediente 2194/2018. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2194/2018.- Expediente de obras Nº X.- LICENZA Nº X.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a J.I.F.R., con enderezo na Madalena, nº X-Darbo, dunha vivenda unifamiliar sita no lugar da Madalena- Darbo (referencia catastral X), construída ao abeiro da licenza municipal nº X, visto o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 13 de xullo de 2018 e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 9 de outubro de 2018 sobre o procedemento de aplicación.



Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

Expediente 4626/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 4626/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por C.M.R.G., titular do DNI n° X, con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Sabadell, n.º X-Madrid, para reformas interiores en vivenda sita en rúa A Paz, X-4º esquerda (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 19 de setembro de 2018. O presuposto de execución material ascende a oitocentos oitenta euros (880,00 €).

Expediente 4659/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 4659/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.C.C., para mellora da eficiencia envolvente e substitución da cuberta da vivenda sita no lugar das Gruncheiras, n° X-Coiro, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico R.R.F. de data setembro de 2018 (referencia catastral X). O presuposto de execución das obras ascende a vinte e nove mil dezaioito euros con un céntimo (29.018,01 €).

Expediente 3141/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 3141/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por O.F.P., titular do DNI n° X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Manuel de Castro, n° X-8º C-Vigo, para cerramento frontal e lindante de parcela 667 e modificación de cerramento da parcela 569 do polígono 18, sitas no lugar de rúa Angustes, X(Canciño)-Nerga (referencias catastrais X e X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente en data 18 de xuño de 2018. O presuposto de execución material ascende a setecentos oito euros con cincuenta e oito céntimos (708,58 €).

Acéptase a cesión dunha franxa de terreo de 10,68 m²., de data 24 de setembro de 2018.

Expediente 3285/2018. Comunicación previa de apertura de actividade

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 3285/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por A.P.P., con enderezo a efectos de notificacións en Urbanización “Airiños do Monte”, nº X-Cangas, titular do DNI nº X, para actividade de pastelería a desenvolver no local sito na Praza do Arco, n.º X-baixo (referencia catastral X), vista a acta de comprobación favorable da arquitecta municipal do PEPRI de data 5 de outubro de 2018.

Expediente 2171/2017. Concesión de Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de ampliación do servizo de SAF e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a D.C.B., con DNI nº X e con expediente nº X, a ampliación do Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal.
- * Atencións de carácter psicosocial.
- * Atencións de carácter doméstico.

Custo total do servizo: oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €) (doce euros con once céntimos (12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cento trinta e tres euros con trece céntimos (133,13 €/mes).

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de ampliación no SAF: a partir do 16 de outubro de 2018.

Expediente 4978/2018. Concesión de Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de ampliación do servizo de SAF e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a M.O.N., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

- * Atencións de carácter persoal.
- * Atencións de carácter psicosocial.
- * Atencións de carácter doméstico.

Custo total do servizo: cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (544,95 €) (doce euros con once céntimos (12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: trescentos sesenta e cinco euros con dezanove céntimos (365,19 €/mes).

Número de horas: 45 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 15 de outubro 2018.

Expediente 4924/2018. Concesión de axuda de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar a seguinte proposta de resolución para concesión de axuda económica:

“PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

D. E.G.G., xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra)

Con relación na solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de oitocentos euros (800,00 €) a M.J.J., con NIF n° X”.*

Expediente 4935/2018. Concesión de axuda de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar a seguinte proposta de resolución para concesión de axuda económica:

“PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

E.G.G., xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra)

Con relación na solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de novecentos euros (900,00 €), a MªM.CH.M., con DNI n°: X”.*

Concello de Cangas



Expediente 4961/2018. Proposta do concelleiro de cultura de nomeamento de Don Bernardino Graña Villar como “Fillo Predilecto da Vila”

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 09.10.2018 do concelleiro de cultura, referente ao nomeamento de Don Bernardino Graña Villar como “Fillo Predilecto da Vila”, que é como segue:

“PROPOSTA Á XUNTA LOCAL DE GOBERNO

Bernardino Graña Villar (Cangas, 1932), é licenciado en filoloxía románica e foi catedrático de língua e literatura no ensino secundario ata a súa xubilación, en 1991. En Madrid, no ano 1958, fundou, canda Ramón Lorenzo Vázquez, Xosé Luís Méndez Ferrín, Bautista Álvarez e Reimundo Patiño, entre outros, o grupo cultural ‘Brais Pinto’, e colaborou, durante esa época, nas páxinas do xornal santiagués ‘*La Noche*’.

Desde mozo formou parte do consello de redación da revista de poesía *Alba*, ademais de colaborar, ao longo da súa vida, noutros xornais e revistas como *Vieiros*, *Grial* ou *Ágora*. A súa produción poética aparece recollida en títulos como *Poema do home que quixo vivir* (1958), *Profecía do mar* (1966), *Non vexo Vigo nin Cangas* (1975), *Se o noso amor e os peixes...* (1980), *Sima-Cima do voar do tolo* (1984), *Himno verde* (1992), *Ardentía. Obra poética completa* (1995), *Luz de novembro* (1997) e *Sen sombra e sen amor* (2004). Ademais, recompilou as *Cantigas de Santa María* de Alfonso X (1996) e participou en volumes colectivos como *Porta a Compostela* (2000), unha obra de edición limitada na que se rende homenaxe a Uxío Novoneyra.

Na dramaturxia deuse a coñecer coa peza *Vinte mil pesos crime* (1962), á que seguiu *Sinfarainín contra don Perfeito* (1975), publicada en *Grial*, e *Os burros que comen ouro nunca cabalos serán*, que recibiu o Premio Abrente en 1979 e foi publicada en 1992.

Na faceta de narrador, gañou o Premio Eixo Atlántico no ano 2006 pola súa novela *Protoevanxeo do neto de Herodes*, aínda que centrou o seu interese, fundamentalmente, na literatura infantil. Neste ámbito, publicou obras como *O león e o paxaro rebelde* (1969), premiado no II Concurso Nacional de Contos Infantís O Facho; *Planeta de ratos tolos* (1990), *Xan Guindán, capitán* (1991); *Rata linda de Compostela* (1994); *O gaiteiro e o rato Pérez* (1994), Premio Merlín de 1993; *Xan Guindán e os salvaxes* (1996); *Xan Guindán mensaxeiro* (1997), ou *O quirico lambón* (1997).

Ademais dos galardóns mencionados, foi premiado nas Festas Minervais de Santiago de Compostela nos anos 1954, 1955, 1959 e 1969.

Bernardino Graña foi fundador e primeiro presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega e pertence ao PEN Club de Galicia. No ano 2017 aprobouse en sesión plenaria a incoación do expediente relativo ao nomeamento de Don Bernardino Graña Villar como Fillo Predilecto da Vila.

Despois de ler estes méritos e atendendo a moción que se aprobou para nomear a Don Bernardino Graña Villa Fillo Predilecto desta Vila, PROPOÑO:



* Para a función de seguimento do expediente de Fillo Predilecto a Don Héitor Mera Herbello, concelleiro de cultura e normalización lingüística, como presidente e a E.G.G., como secretario.”

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión destes puntos na orde do día.

Expediente 3496/2017 X-17/08.- PA133/2017.- Dación de conta de procedemento xudicial (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada do expediente nº 3496/2017 X-17/08 PA133/2017 e acorda aprobar a proposta da Alcaldía de data 15.10.2018, que é como segue:

“Expediente nº: X-17/08-3496/2017

Procedemento abreviado 133/2017

Xulgado: Contencioso Administrativo Nº 1 – Pontevedra.

Asunto: proposta da Alcaldía

Vista a Sentenza nº 168/2018 ditada o día 08.10.2018 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, no PA nº 133/2017, tramitado a instancia de N.M.T.M. contra o Concello de Cangas, en reclamación de responsabilidade patrimonial por caída na vía pública en contía de once mil setecentos dezaioito euros con sesenta e cinco céntimos (11.718,65 €).

Vista a parte dispositiva da citada sentenza cuxo tenor literal é o seguinte:

“1º.- ESTIMAR EN PARTE o recurso contencioso-administrativo interposto por N.M.T.M. contra a desestimación presunta da reclamación indemnizatoria que presentou o 3 de xuño de 2016 no Concello de Cangas polas lesións padecidas como consecuencia de unha caída o 7 de xuño de 2015 á altura do número 22 A) da rúa Romarigo.

2º.- Condenar ao Concello de Cangas a abonarlle á demandante unha indemnización de tres mil euros (3.000,00 €), actualizada conforme co sinalado no el fundamento “V” desta sentenza.

3º.- Condenar ao Concello de Cangas ao pago das custas do proceso, co límite máximo por honorarios de letrado sinalado no último fundamento”.

Tendo en conta que este Concello ten subscriba unha póliza de seguro coa entidade MAPFRE para a cobertura deste tipo de continxencias, na cal se contempla unha franquía de trescentos



euros (300,00 €) por sinistro.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Tomar coñecemento da Sentenza firme nº X, ditada o día 08.10.2018 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 1 de Pontevedra no PA n.º 133/2017, tramitado a instancia de N.M.T.M., contra o Concello de Cangas en reclamación de responsabilidade patrimonial.

Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de trescentos euros (300,00 €), a favor de N.M.T.M., con DNI nº X, con cargo á aplicación 920.226.99 do vixente orzamento municipal e requirir á compañía MAPFRE para que aboe á demandante a diferenza resultante.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención, tesourería e apoio xurídico”.

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión destes puntos na orde do día.

Expediente 291/2018. Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida pola Axencia Turismo de Galicia para o “Acondicionamento do terreo no Igrexario-O Hío-Cangas (Urxencia)

| | |
|------------------|---|
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
|------------------|---|

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida pola Axencia Turismo de Galicia para o “Acondicionamento do terreo no Igrexario-O Hío-Cangas”.

Visto o informe do interventor municipal de data do 15.10.2018, que fai constar o seguinte:

“Que ao abeiro da Resolución do 4 de xaneiro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas e se anuncia a convocatoria para o ano 2018, a Axencia Turismo de Galicia concede a este Concello unha axuda polo importe total de vinte e nove mil seiscientos cincuenta euros con cincuenta e seis céntimos (29.650,56 €), para a execución do “Acondicionamento do terreo no Igrexario-O Hío-Cangas.

Vista a documentación que consta no expediente nº 291/2018 e relacionadas e na contabilidade municipal, resulta o seguinte:

Primeiro.- Que por Resolución de Alcaldía de data do 11.10.2018, recoñeceuse a obriga e ordeouse o pagamento da factura que se detalla a continuación:

| Doc. Acred. | Desc. Oper. | Importe | Exercicio | C. | C. |
|-------------|-------------|---------|-----------|----|----|
|-------------|-------------|---------|-----------|----|----|



Concello de Cangas

| | | (Eur) | | Programa | Económica |
|--|--|-----------|------|----------|-----------|
| | FANAQUEIRA FRA 34,CERT.1 FINAL ACONDICIONAMENTO TERREO O IGREXARIO-O HÍO Data de expedición factura: 01-10-2018 | 37.453,11 | 2018 | 450 | 609 |
| | TOTAL | 37.453,11 | | | |

Segundo.- Que en data do 11.10.2018, mediante transferencia bancaria, se aboou a cantidade de trinta e sete mil catrocentos cincuenta e tres euros con once céntimos (37.453,11 €), á empresa adxudicataria 'Fanaqueira SL', con CIF n° X.

Terceiro.- Que por resolución de Alcaldía de data do 11.10.2018 aprobouse a acta de recepción da obra que se xustifica.

Cuarto.- Que o Concello de Cangas contabilizou e deu cumprimento á finalidade da subvención concedida.

Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao abeiro da resolución do 4 de xaneiro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas e se anuncia a convocatoria para o ano 2018, a Axencia Turismo de Galicia concede a este Concello unha axuda polo importe total de vinte e nove mil seiscentos cincuenta euros con cincuenta e seis céntimos (29.650,56 €), para a execución do 'Acondicionamento do terreo no Igrexario-O Hío-Cangas', polo importe total de trinta e sete mil catrocentos cincuenta e tres euros con once céntimos (37.453,11 €), de conformidade co seguinte:

| Doc. Acred. | Desc. Oper. | Importe (Eur) | Exercicio | C. Programa | C. Económica |
|-------------|--|---------------|-----------|-------------|--------------|
| | FANAQUEIRA FRA 34,CERT.1 FINAL ACONDICIONAMENTO TERREO O IGREXARIO-O HÍO Data de expedición factura: 01-10-2018 | 37.453,11 | 2018 | 450 | 609 |
| | TOTAL | 37.453,11 | | | |

En data do 11.10.2018 mediante transferencia bancaria aboouse a cantidade de trinta e sete mil catrocentos cincuenta e tres euros con once céntimos (37.453,11 €), á empresa adxudicataria 'Fanaqueira SL', con CIF, X.

En data do 11.10.2018 por Resolución de Alcaldía aprobouse a acta de recepción da obra que se xustifica.

Que o Concello de Cangas contabilizou e deu cumprimento á finalidade da subvención concedida”.

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a

Concello de Cangas



urxencia e a ratificación da inclusión destes puntos na orde do día.

Expediente 517/2018. Aprobación conta xustificativa da subvención concedida para a contratación de persoal na Oficina de Turismo de Cangas-2018 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar a proposta da Alcaldía de data 15.10.2018, referente á conta xustificativa da subvención concedida para a contratación de persoal na Oficina de Turismo de Cangas-2018.

“En relación coa axuda concedida polo importe de catro mil novecentos cincuenta e sete euros con corenta e seis céntimos (4.957,46 €), para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xullo, agosto, ao abeiro da Resolución do 2 de xaneiro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concurrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e xeodestinos de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

Vista a documentación que consta no expediente e a certificación do interventor municipal, propoño á Xunta de Goberno Local aprobar a conta xustificativa da subvención concedida polo importe de catro mil novecentos cincuenta e sete euros con corenta e seis céntimos (4.957,46 €), de conformidade co seguinte:

Primeiro.- Tomouse razón na contabilidade municipal dos custos totais da contratación de persoal na oficina de Turismo 2018, de B.A.B., con DNI X, nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro e que ascenden a un total de catro mil novecentos cincuenta e sete euros con corenta e seis céntimos (4.957,46 €), de coformidade co seguinte:

*Salario bruto xuño: 650,74 euros
Salario bruto xullo: 1.220,15 euros
Salario bruto agosto: 1.220,15 euros
Salario bruto setembro: 691,42
Seguridade Social xuño: 208,88 euros
Seguridade Social xullo: 391,67 euros
Seguridade Social agosto: 391,67 euros.
Seguridade Social setembro: 182,78 euros.*

Que os diferentes gastos se aprobaron por resolución de Alcaldía nas seguintes datas:

*Salario xuño: 27/06/2018
Salario xullo: 26/07/2018
Salario agosto: 30/08/2018
Salario setembro: 28/09/2018
Seguridade Social xuño: 26/07/2018
Seguridade Social xullo: 30/08/2018
Seguridade Social agosto: 28/09/2018
Seguridade Social setembro: pendente de pagamento*

Segundo.- Que de conformidade coa documentación que consta na contabilidade e no expediente deuse cumprimento á finalidade da subvención concedida”.



Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión destes puntos na orde do día.

Expediente 3416/2018. Concesión de subvención directa ou nominativa (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar a proposta da Alcaldía de data 15.10.2018, referente á concesión de subvención directa a FECIMO.

“PROPOSTA DE ACORDO

Visto que con data 30.05.2018 foron aprobados os orzamentos municipais para o exercicio económico 2018.

Visto que, se ben o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, segundo o artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

a) As previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

No tocante ao procedemento debemos acudir o disposto no artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, que dispón:

1.- A resolución de concesión e, se é o caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e os compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

2.- As propostas de acordo ou resolución de concesión, ou o instrumento do convenio que se autorice a subscribir, deberán axustarse ás previsións contidas nesta lei, agás no que afecte a aplicación dos principios de publicidade e concorrencia e conterán como mínimo os seguintes extremos:

a) Definición do obxecto das subvencións, con indicación do carácter singular delas e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.

b) Réxime xurídico aplicable.

c) Beneficiarios e modalidades de axuda.

d) Réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos beneficiarios e, se é o caso, polas entidades colaboradoras.



Concello de Cangas

3.- A concesión de subvencións por importe superior a cento cincuenta mil euros (150.000,00 €), ou o que determinen as leis anuais de orzamentos, requirirá a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

Visto que constan no expediente os correspondentes documentos de retención de crédito emitidos por Intervención en data 02.07.2018.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Outorgar a seguinte subvención, con cargo á aplicación orzamentaria 241.48.01 do orzamento de gastos do Concello e formalizala no correspondente convenio no que se detallen as obrigacións e compromisos do concesionario para aplicar a subvención e xustificala a:

- FECIMO: cinco mil douscentos euros (5.200,00 €), dentro do Plan de Dinamización Comercial 2018.

SEGUNDO.- Notificar aos interesados e requiririlles para a sinatura do correspondente convenio”.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850